

PROXECTO LECTOR DE CENTRO

CEIP CABADA VÁZQUEZ.

Codeseda – A Estrada.

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. ANÁLISE DA PRÁCTICA LECTORA E ESCRITORA:
 - 2.1. DO ALUMNADO.
 - 2.2. ANÁLISE DAS CARACTERÍSTICAS ACTUAIS DA BIBLIOTECA ESCOLAR.
 - 2.3. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.
 - 2.4. SINALIZACIÓN.
 - 2.5. CRITERIOS E FORMAS DE REALIZAR O PRÉSTAMO.
 - 2.6. COORDINACIÓN E RESPONSABLES.
 - 2.7. HORARIO.
3. PROXECTO LECTOR.
 - 3.1.OBXECTIVOS XERAIS.
4. PLAN LECTOR.
 - 4.1. OBXECTIVOS DO PLAN LECTOR.
 - 4.2. DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA.
 - 4.3.METODOLOXÍA.
 - 4.4.ORGANIZACIÓN ESPACIAL E TEMPORAL.
 - 4.5 DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA.
5. PROGRAMACIÓN: 2º CICLO DE ED. INFANTIL, e EDUCACIÓN PRIMARIA.
6. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.
7. CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN DO ALUMNO/A.

1. - INTRODUCCIÓN:

O Proxecto Lector de Centro é un documento marco, onde se establecen as liñas xerais propostas na LOE, artigo 19.3 (primaria), na Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE) e no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Este Proxecto céntrase na lectura como unha das competencias básicas que contribúen ao desenvolvemento persoal e social da persoa.

Hai que ter en conta a estreita relación que existe entre ler e outros procesos intelectuais complexos que posibilitan o desenvolvemento das competencias necesarias para adquisición das aprendizaxes.

Ó mesmo tempo, o Proxecto ubícase nun marco conceptual determinado que entende a lectura como un acto de comunicación e estrutúrase arredor dunha serie de obxectivos xerais e eixos de actuación (currículos, enfoques didácticos e organización escolar, reforzos e apoio educativo, biblioteca, contexto familiar e cultural, tecnoloxías da información e comunicación e formación permanente do profesorado) que, interrelacionados entre si, constitúen un panorama xeral de actuación para mellorar a competencia lectora e o desenvolvemento do hábito lector do alumnado. O Proxecto Lector estará incorporado na PXA, e integrado no Proxecto Educativo e nas Programacións de aula como no propio proceso de ensino – aprendizaxe.

Igualmente, as actuacións, que en relación coa mellora da lectura se leva a cabo, teñen que ter en conta a atención á diversidade.

2. - ANÁLISE DA PRÁCTICA LECTORA E ESCRITORA NO CENTRO:

2.1. Análise das prácticas lectoras e escritoras do alumnado:

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación, propón a lectura como unha das liñas básicas da nova reforma educativa. No seu preámbulo fai referencia a que a formación debe concibirse como un proceso permanente, que se desenvolve durante toda a vida.

Neste sentido, trata de fomentar a aprendizaxe ao longo de toda ela e implica, ante todo, proporcionar aos mozos/as unha educación completa, que abrangue, entre outros conceptos, coñecementos e competencias básicas que resulten necesarias na sociedade actual.

Asímesmo, no artigo 14.5 desta Lei, establece que *“no segundo ciclo de educación infantil fomentarase unha aproximación á lectura”*, no artigo 16.2 modificado pola LOMCE di que *“a finalidade da educación primaria é facilitar aos alumnos e alumnas as **aprendizaxes da expresión e comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura e o hábito de convivencia, así como os de estudo e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas**”* e o artigo 17, determina que un dos obxectivos da educación primaria é desenvolver hábitos de lectura.

Para o que no artigo 19, establece que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas áreas desta etapa, a comprensión lectora traballarase en todas as áreas e que, coa fin de fomentar o hábito lector, adicarase un tempo diario á mesma.

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 15.4 di que: *“A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato”*.

O Proxecto Lector ten que ser o referente para a elaboración de Programas anuais de lectura. As mencionadas leis, sitúannos na necesidade de abordar cambios fundamentais no proceso de ensino – aprendizaxe da competencia lectora.

O nivel de competencia lectora, en termos xerais, é boa; non obstante hai alumnos/as que necesitan melloralo.

Procúrase unha meirande coordinación entre o profesorado para que o enfoque e a forma de traballo sexa similar e resulte máis eficaz.

Hai que planificar e traballar sobre unha maior diversidade de tipos de textos, xéneros discursivos e /ou situacións comunicativas nos que sexa necesario utilizar o texto escrito; ben como lectores, ben como escritores; os bos lectores deben ser competentes para todo tipo de lecturas.

O Proxecto lector ten que estar institucionalizado no PE, e na PXA., e que non sexa algo fragmentado ou levalo a cabo como unha experiencia afastada.

2.2. Análise das características actuais da biblioteca escolar:

Actualmente a Biblioteca está na planta baixa do centro logo dunha reforma mediante a eliminación de armarios empotrados e a colocación de tarima flotante no chan.

No curso 2013/2014 **todo o claustro participou nun PFPP** que incluía un curso sobre o **Programa Meiga** e un seminario sobre a **organización da BE**. Con esta formación estamos procedendo á recatalogación de todos os fondos, xa que hai dous cursos detectouse un erro na catalogación dos fondos e dende a Asesoría de Bibliotecas recomendaron descatalogar todos os exemplares e volver a rexistrar e catalogar.

Elaboramos un novo plano de distribución da BE e por parte do centro procedeuse á compra dalgún mobiliario (mesas e sillas adaptadas ás idades dos alumnos/as e unha mesa para o posto de catalogación...).

Para este curso queremos continuar co PFPP xa que temos previsto elaborar un Proxecto Documental Integrado, para o que nos fai falta formación.

2.3. Organización e funcionamento:

Organización: os fondos estarán centralizados na Biblioteca. Tamén haberá unha serie de libros distribuídos nas diferentes aulas de titorías que funcionarán como “bibliotecas de aula”. O rexistro tamén estará na biblioteca.

Os fondos estanse catalogando e rexistrando co “Proxecto Meiga”, organizados e distribuídos segundo a CDU adaptada ás necesidades do centro.

2.4. Sinalización:

Ao tempo que estamos procedendo á recatalogación dos fondos, selado, etiquetado e forrado xa os imos colocando nos andeis coa sinalización correspondente segundo a CDU adaptada ao centro.

Temos previsto sinalar na entrada do centro o camiño a seguir para chegar ata a Biblioteca coa súa mascota **“LIANTOSCONTOS”**. A mascota foi escollida nun concurso realizado no curso 2011/2012 entre o alumnado e foi seleccionada a feita por un neno de primeiro (Javier Louzao):



2.5. Criterios e formas de realizar o préstamo:

Política de préstamos: 15 días para o alumnado, poden renovar préstamo se o precisan. Mestres/as: 30 días para os fondos do grupo – clase.

2.6. Coordinación e responsables:

O funcionamento e a organización da biblioteca está a cargo dun equipo interdisciplinar formado por:

- María Victoria Herrera Taboada
- Beatriz Constenla Fernández
- Ana Belén Gómez Álvarez
- María Teresa Andújar Abeledo
- Agustín Troitiño Tarín (Coordinador)

O equipo de biblioteca coordinado polo responsable:

- Manterá a política de préstamos.
- Organizará as tarefas relativas ao tratamento do fondo documental: organización, clasificación, catalogación, etiquetado...
- Organizará os recursos de modo que sexan facilmente accesibles e utilizables.
- Difundirá o seu fondo documental.
- Impulsará actividades que fomenten a animación a lectura.
- Deseñará actividades de formación de usuarios.
- Establecerá relacións de colaboración e cooperación con outros centros documentais e tamén co entorno abrindo as portas ao exterior.

2.7. Horario:

O préstamo farase todos os días na hora do recreo e será atendido por algún/ha integrante do Equipo de Biblioteca. Ademais ofréceselle a todas as titorías reservar unha sesión do horario lectivo para ir co seu grupo – clase á Biblioteca.

O horario da BE para este curso será como se mostra no seguinte cadro:

HORARIO BIBLIOTECA 2014/2015					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	LINGUA GALEGA 6º	5º/6º	5º VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		
2ª	RELIXIÓN 6º	LENGUA CASTELLANA 5º	1º e 2º VALORES SOCIAIS E CÍVICOS	4º	
3ª		1º/2º		INFANTIL 4 – 5	INFANTIL 3 ANOS
	Recreo/ PRÉSTAMO 1º/2º	Recreo/ PRÉSTAMO 3º	Recreo/ PRÉSTAMO 4º	Recreo/ PRÉSTAMO 5º/6º	Recreo/ PRÉSTAMO INF. 3 ANOS
4ª	BIBLIOTECA/AGUSTÍN	Biblioteca/BEA	BIBLIOTECA/AGUSTÍN	3º	PRÉSTAMO INF. 4-5 ANOS BIBLIOTECA/AGUSTÍN
5ª	INFANTIL 4 – 5 ANOS	Biblioteca/ANA	1º/2º	Biblioteca/MAVI	PLAN LECTOR
	Comedor	Comedor	Comedor	Comedor	Comedor
6ª	PLAN LECTOR 5º/6º	PLAN LECTOR INFANTIL 3 ANOS	PLAN LECTOR 3º	PLAN LECTOR 4º	

3. - O PROXECTO LECTOR

3.1. Obxectivos xerais:

- Favorecer que o desenvolvemento da competencia lectora se converta nun elemento prioritario do centro, das familias, e da comunidade educativa.
- Potenciar o desenvolvemento do hábito lector e mellorar a competencia

lectora dende todas as áreas, tendo en conta as especificade de cada unha.

- Ofrecer aquelas competencias, habilidades e estratexias que lles permita converterse en lectores competentes e capaces de comprender e usar diversos tipos de texto.
- Converter a Biblioteca Escolar nun espazo dinámico para o desenvolvemento da competencia lectora e o fomento do hábito lector de toda a comunidade educativa.
- Potenciar a actualización e formación do profesorado para que contribua de maneira relevante, ao mellor desenvolvemento da competencia lectora e ao hábito lector do alumnado.

4. - PLAN LECTOR

Fundamentación:

A lectura e a escritura enténdese como unha das destrezas básicas que impregnan o desenvolvemento curricular de todas as áreas. Constitúen competencias básicas e complexas que resultan esenciais, dado o carácter instrumental, para facer posible a aprendizaxe ao longo de toda a vida, no marco dunha sociedade da información e do coñecemento. O desenvolvemento da competencia lecto – escritora, vai a contribuir á integración e adaptación das persoas á sociedade, á vez que potencia o desenvolvemento das competencias básicas e a construción dos coñecementos das distintas áreas.

O obxectivo dun plan lector é posibilitar unha planificación sistemática da lectura e escritura. Entendemos que o este plan ten que incluír principios xerais e estratexias didácticas que teñan en conta os seguintes eixes de actuación: o currículo, enfoques didácticos e organización escolar, reforzo e apoio educativo, as bibliotecas, o contexto familiar e cultural, as tecnoloxías da información e a comunicación, e a formación do profesorado.

A ensinanza e aprendizaxe da lectura deberán forma parte explícita do Proxecto

Educativo, das programacións didácticas e das programacións de aula das distintas áreas, así como da práctica cotiá no proceso de ensino – aprendizaxe.

É necesario que quede ben definida no Proxecto Educativo a importancia real que se lle outorga á lectura, as competencias que, en relación con ela, quere que desenvolva o alumnado, as estratexias, así como os medios e recursos que se van a utilizar para mellorar a competencia lectora do alumnado.

En cada unha das áreas e materias deberase contemplar, de maneira explícita, que estratexias se van a utilizar para contribuír o desenvolvemento da competencia lectora e hábito lector; así- mesmo deberase definir que obxectivos, competencias básicas, contidos, metodoloxía, e criterios de avaliación, relacionados coa lectura, se van desenvolver ou potenciar.

4.1. Obxectivos do Plan lector:

- Incluir nos documentos institucionais as actuacións previstas para mellorar no alumnado a adquisición dunha adecuada competencia lectora e para fomentar o hábito lector.
- Desenvolver a linguaxe. Incrementar o vocabulario.
- Desenvolver a capacidade de ler cunha velocidade e comprensión adecuadas.
- Promover o interese, o gusto e a necesidade da lectura.
- Espertar o interese polos libros.
- Incentivar a capacidade de expresarse por escrito como resultado do desenvolvemento da habilidade de ler forma rápida e comprensiva.
- Estimular o entusiasmo polo saber e coñecer.
- Incrementar a capacidade de investigar e aprender con autonomía.
- Prever as dificultades de lectura e escritura.
- Implicar ao conxunto das áreas na responsabilidade do desenvolvemento da competencia lectora de todo o alumnado.

- Contar con un plan estruturado e sistematizado para a ensinanza da lectura en todas as áreas.
- Establecer, no marco da programación de cada unha das áreas, as estratexias metodolóxicas que se consideren idóneas para o desenvolvemento da competencia lectora e o hábito lector.
- Determinar a diversidade de tipos de texto, xéneros textuais e/ou situacións de comunicación para as que se quere desenvolver a competencia lectora.
- Garantir unha boa utilización dos recursos.
- Implicar ás familias.

4.2. Desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística:

Competencias	Desenvolvemento de habilidades	Estratexias
COMUNICATIVA	<ul style="list-style-type: none"> -Comprensión -Coherencia -Organización 	<ul style="list-style-type: none"> -Activación dos coñecementos previos Anticipación de contidos: -Elaboración de hipóteses con prediccions sobre o texto. -Lectura interactiva: ler, reler, avanzar... -Construcción progresiva de significado: información xeral... -Verificación e reformulación de hipóteses.
SEMIOLÓXICA	<p>Lingüístico- gramaticais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Código lingüístico no seus niveis: fonolóxico, morfosintáctico, léxico-semántico 	<ul style="list-style-type: none"> -Identificación e corrección de erros. -Recapitulación do lido. -Identificación do principal do accesorio. -Idea principal ou resumen Elaboración de esquemas para organizar a información.
LITERARIA	<ul style="list-style-type: none"> -Sociolingüística ou socioculturais. Aspectos pragmáticos: Contexto, intención, punto de vista do autor/a... 	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación da estrutura do texto. - Reflexión sobre a función predominante no texto. - Relación do lido co outros coñecementos. - Utilización do lido para fins sociais

4.3. Metodoloxía:

Actuacións comúns do profesorado: o profesorado ten que planificar a ensinanza da lectura, establecer as estratexias, estruturar e motivar favorecendo o clima lector. As actuacións dos profesores respecto a metodoloxía poden centrarse en:

Estratexias:

- Comprender os propósitos explícitos e implícitos da lectura.
- Activar e aportar á lectura os coñecementos previos pertinentes para o contido de que se trata.
- Dirixir a atención ao que resulta fundamental en detrimento do que parece trivial.
- Avaliar a consistencia interna do contido que expresa o texto e a súa compatibilidade co coñecemento previo.
- Comprobar continuamente si a comprensión ten lugar mediante a revisión e recapitulación periódica e a autointerrogación .
- Elaborar e probar inferencias de diverso tipo, como interpretación, hipóteses, prediccións e conclusións.

Planificación da ensinanza:

Os contidos que hai que ensinar, no caso da comprensión lectora, son os procedementos estratéxicos que poidan capacitar aos alumnos/as para ler de forma autónoma e productiva.

Os métodos de ensinanza: trátase de buscar as situacións mais idóneas para que os alumnos/as poidan construír o seu coñecemento e aplicalo en contextos diversos.

Secuenciación dos contidos: axudar aos alumnos/as a aprender supón axudalos a establecer o máximo de relacións entre o que saben e o que se se lles

ofrece como novo.

A organización social da aula: aproveitar todas as posibilidades que ofrece a interacción entre iguais.

Estruturação:

É importante distinguir entre os distintos textos que se manexan, porque ademais as expectativas tamén van ser diferentes.

Desde unha perspectiva máis pedagóxica, podemos propoñer os seguintes tipos de texto:

- Narrativo: texto que presupón un desenrolo cronolóxico e que explica os sucesos nunha orde dada. Algúns textos narrativos seguen unha organización: estado inicial/ complicación/ acción/ resolución/ estado final.
- Descritivo: o seu obxectivo é describir un fenómeno, mediante comparacións e outras técnicas.
- Expositivo: relacionado con análises e a sínteses de representacións conceptuais, o texto expositivo vai explicar determinados fenómenos ou ben proporcionar informacións sobre estes.
- Instructivo- inductivo: aquí estarían os textos que pretenden inducir á acción do lector: consignas, instruccións....

4.4. Organización espacial e temporal:

O *Decreto 105/2014*, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 15.4 di que: *Co fin de fomentar o hábito da lectura, os centros docentes organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura non inferior a trinta minutos*". Polo que se decidiu contemplar no horario do centro un **tempo de lectura diario de 30 minutos de luns a xoves e de 50 minutos os**

venres.

Elaborarase, en coordinación co Equipo de Biblioteca, o horario de biblioteca de todo o profesorado para estar coordinados e compatibilizar os recursos e as actuacións que se leven a cabo.

4.5. Dinamización:

A biblioteca, como contorno presencial de aprendizaxe é un recurso idóneo para a adquisición dunha competencia lingüística e comunicativa, e impulsar a comprensión, uso, reflexión e traballo sobre distintos tipos de texto e xéneros, así como para establecer unha adecuada diversidade de situacións comunicativas, como complemento primordial de traballo na aula. Así mesmo é o espazo ideal para acercarse a unha pluralidade de textos e a unha gran variedade de finalidades de lectura (realizar traballos en profundidade que requiran buscar distinto tipo de informacións, datos...).

Ao mesmo tempo é un espazo de documentación e recursos para a mellora do proceso de ensino – aprendizaxe, que debe contribuir ao cambio metodolóxico do profesorado e ao desenvolvemento da autonomía do alumnado, especialmente nos procesos de comprensión e produción de textos, de investigación e de comunicación.

A Biblioteca está dotada de materiais e recursos de interese educativo e obras de referencia como enciclopedias, guías, atlas, dicionarios, monografías, publicacións periódicas, contos, cómics, obras de teatro, lecturas literarias,... que contribúen a ampliar experiencias e coñecementos adquiridos a través das diferentes áreas e materias; en diferentes formatos e soportes (visuais, audiovisuais, multimedia....). Neste sentido vai facilitar que se poida aprender con todo tipo de recursos e materiais didácticos, e dicir, aprender con calquera documento do que se poida extraer información relevante.

É necesario non considerar a utilización dos libros de texto como únicos materiais de apoio de ensino – aprendizaxe. En moitos deles os contidos textuais son

moi breves e esquemáticos, e están moi condensados, o que dificulta a búsqueda do sentido. Así pois o uso doutros materiais e recursos didácticos vai enriquecer a práctica educativa.

Asimesmo, na biblioteca usaranse ordenadores e internet, o que vai contribuír ao desenvolvemento das capacidades do alumnado e a adquisición de aprendizaxes autónomas e significativas, para o cal o seu uso ten que estar integrado no proceso de ensino – aprendizaxe. Tamén hai que fomentar a biblioteca como un espazo de pracer e investigación, documentación e consulta, e dicir como un espazo de formación integral e enriquecemento persoal , non só do alumnado, se non tamén do profesorado e das familias. A Biblioteca así entendida convértese nun espazo motivador para todo os membros da comunidade educativa .

Como xa se mencionou anteriormente no uso e funcionamento da biblioteca, aínda que a meirande parte dos fondos están centralizados na biblioteca, isto non significa que os profesores non teñan a súa biblioteca de aula, levando os fondos para a mesma e deixando o préstamo rexistrado.

Actividades na hora da biblioteca ou na hora de ler:

Estas serán sistemáticas, incluírán todo tipo de textos, en todas as áreas de aprendizaxe, con lecturas informativas, de ficción, búsqueda da información e construción do coñecemento.

No curso 2013/2014 comezamos cunha nova experiencia, voluntaria para os nenos/as de sexto, que consiste en que eles/as van lerlle aos compañeiros/as das aulas Infantil e Primaria durante a **HORA DE LER**. Temos previsto contiuar con esta actividade no curso 2014/2015.

Recursos humanos: É importante que o plan lector sexa coordinado por unha persoa por cada ciclo ou curso.

Itinerarios lectores: 2º Ciclo de Educación Infantil e Educación Primaria, 1º – 2º, 3º – 4º e 5º – 6º.

5. - PROGRAMACIÓN:

2º Ciclo de Ed. Infantil

Obxectivos	Actividades
Diferenciar a biblioteca escolar da biblioteca municipal e do recuncho da biblioteca de aula	Visitar a biblioteca pública. Liatantoscontos invitará aos cativos a coñecer a biblioteca
Saber localizar a biblioteca no centro escolar e familiarizarse co espazo da biblioteca	Visitar a biblioteca escolar e coñecer as funcións de cada unha das zonas.
Espertar unha actitude positiva cara a biblioteca, e respectar as normas de funcionamento	Identificar actitudes positivas en viñetas, láminas. Reforzar estas actitudes elaborando carteis, murais para a celebración do día biblioteca Maratón de lectura na biblioteca o día da biblioteca
Recoñecer os documentos que se atopan na biblioteca a partires das características esenciais: impresos (ficción e non ficción), medios audiovisuais...	Reforzar a narración oral mediante os contos, gravacións... Contacontos para celebrar a tradición oral dos contos en Galicia. Realizar unha búsqueda guiada polo mestre en función dos soportes: libros, CDs...
Recoñecer e manter a orde dos libros na biblioteca escolar e na da aula.	Nomear responsables de biblioteca rotando e especificar as funcións que teñen que desempeñar.
Coñecer o espazo onde están os libros de ficción adecuados a súa idade, e os distintivos da súa sinalización	Saber escoller o libro entre os do seu nivel para levalo en préstamo á aula. Reforzar a narración con lectura de poesías.
Saber expresar oralmente a información da lectura. Utilizar as ilustracións como fonte de información.	Establecer diálogos cos alumnos/as en torno á lectura e a información.
Iniciarse no hábito de consultar libros de coñecemento	Buscar información gráfica nos libros seleccionados a partir da consigna que lle damos.
Seleccionar a información contida nos libros e outras fontes informativas en función das necesidades.	Crear ocasións para información gráfica e iniciar a reflexión en torno a idoneidade dos documentos obtidos. Actividades para abril dos libros e letras galegas:- Exposición de libros – contacontos - efemérides do autor das letras galegas – monicreques e representacións a cargo de alumnos maiores, - creación de contos.

Educación Primaria, 1º e 2º:

Obxectivos	Actividades
<p>Suscitar unha actitude positiva cara á biblioteca e de interese as súas propostas.</p> <p>Estimular o uso da biblioteca ante calquera necesidade informativa</p>	<p>Liatantoscontos visitará aos alumnos de 1º e invitaraos a coñecer a biblioteca.</p> <p>Pode ser sobre os centros de interese que se traballen. Elaboración de murais, carteis con lemas alusivos ao día de celebración da biblioteca.</p> <p>Maratón de lectura para a celebración do día da biblioteca</p>
<p>Coñecer aspectos básicos sobre a organización e normas de funcionamento</p>	<p>Recoñecer as zonas e a función dos espazos.</p>
<p>Introducir as distintas funcións de información e lectura que poden ter os documentos</p>	<p>Seleccionar contos, narracións e libros de consulta sobre un tema concreto e comparar as informacións, poñendo en evidencia os distintos tratamentos da información.</p>
<p>Diferenciar ficción e información, e a súa localización na biblioteca</p>	<p>Recoller información e seleccionar historias segundo o tema monográfico programado para cada trimestre pola biblioteca: seleccionar historias de... – inventar historias de – guías de lecturas de ... – recomendacións de lecturas de Concursos de narración e contos de tradición oral.</p>
<p>Respectar e coidar os materiais e recursos.</p>	<p>Realizar un listado do que se pode facer para coidar os materias.</p> <p>Redactar frases co que se debe facer para coidalos.</p>
<p>Utilizar as ilustracións como fonte de información</p>	<p>Seleccionar libros e que cada alumno seleccione unha ilustración e, a partires delas realizar observacións , descricións...</p>
<p>Espertar o entusiasmo pola poesía</p>	<p>Lectura de poesía, actividades en equipo de crear poesías, carteis.</p>
<p>Establecer relacións entre imaxe e texto nos libros de coñecementos.</p>	<p>Relacionar , ilustracións e os seus correspondentes pés textuais, situados de distintas maneiras nas páxinas, a partires de fotocopias seleccionadas</p>
<p>Desenvolver o gusto pola lectura</p>	<p>Abril dos libros e letras galegas:</p> <p>efemérides, - exposicións de libros, - monicreques e representacións a cargo dos alumnos maiores, - elaboración de murais, marcadores, creación de contos....</p>

Educación Primaria, 3º e 4º:

Obxectivos	Actividades
Dominar o espazo da biblioteca e as súas zonas.	Actividades de clasificación. Búsquedas en catálogo, coa fin de localizar determinados libros. O xogo de cartas de familias, pode ser un deles.
Identificar as características e os distintos usos dos documentos impresos, internet...	Observar as características de cada unha delas, dispoñibilidade de acceso, caducidade....das distintas fontes.
Utilizar correctamente os servizos da biblioteca escolar. Responsabilizarse do cumprimento das normas.	Facer murais ou lemas nos que se indiquen con frases curtas, os aspectos funcionais e organizativos da biblioteca.
Diferenciar as funcións do autor e o ilustrador na obras de ficción. Afondar na relación coa biblioteca como lugar que permite colmar a súa curiosidade.	Buscar libros do mesmo autor, con ilustracións de distintos ilustradores e viceversa. Elaboración de murais, carteis con referencia ao día da biblioteca. Maratón de lectura para a celebración do día da biblioteca. Recoller información e seleccionar historias segundo o tema monográfico programado para cada trimestre pola biblioteca:- seleccionar historias de....- inventar historias de.....-guías de lecturas de..... Concursos de contos e narracións de tradición oral.
Comprender o sistema de ordenación dos documentos segundo a CDU.	Lotos de cartas coa CDU. Selección de libros por grupos para que os clasifiquen, títulos para que os localicen...
Desenvolver a súa creatividade	Concursos de poesía.
Manexar correctamente as obras de referencia: enciclopedias, dicionarios...	Actividades de búsqueda nas obras de referencia, segundo tema dado.
Utilizar o catálogo para consultas básicas: autores, títulos, materias, coleccións...	Prácticas determinadas de búsqueda de catálogo establecendo previamente o tipo de consulta que require cada caso.
Desenvolver o gusto pola lectura.	Abril dos libros e letras galegas : exposición de libros – efemérides elaboración de : marcadores, murais, carteis....- encontros con autores e ilustradores.

Educación Primaria, 5º e 6º:

Obxectivos:	Actividades
Reforzar o concepto de biblioteca como recurso, como información e como ocio	Charlas a cargo de profesionais dos libros.
Coñecer a variedade de materiais que se poden encontrar na biblioteca: dosieres, monografías, obras literarias, periódicos, revistas.....	Realizar pequenas investigacións sobre os fondos.
Coñecer a CDU que adoptou a biblioteca: os apartados que ten establecidos para os diferentes temas e as idades.	Deseño de cartas, xogos de búsqueda.....
Desenvolver o gusto pola lectura.	Elaboración de murais, carteis, con referencia ao día biblioteca. Recoller información e seleccionar historias segundo o tema monográfico programado pola biblioteca para cada trimestre.:- seleccionar historias de...- inventar historias de....-guías de lecturas de.....
Realizar correctamente o proceso de búsqueda no catálogo automatizado da biblioteca.	Realizar prácticas de busca no catálogo da biblioteca.
Potenciar a súa creatividade	Concursos de poesía.
Aprender a planificar a busca documental a partires dunha necesidade específica de información.	Utilizar as ferramentas de axuda nos libros documentais (índices, sumarios...)
Comprender a utilidade das obras de referencia para seleccionar a información	Realizar actividades de búsqueda guiadas : ordenación alfabética, toma de notas, interpretación de abreviaturas.....
Desenvolver e potenciar a súa creatividade	Abril dos libros e letras galegas: exposicións de libros,- efemérides,- talleres de contos,- creación e interpretación de obras literarias,- encontros con autores ou ilustradores....

6.- CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN:

A avaliación ten que propiciar que todos os sectores implicados manifesten as súas opinións e valoracións, a través de entrevistas, enquisas, reunións.

É necesario facer un seguimento da programación do plan lector e unha autoavaliación nas reunións.

Respecto ao alumnado:

Ademais da avaliación inicial, que permitirá detectar dificultades lectoras, é importante contar cunha folla de rexistro do nivel de desenvolvemento lector de cada alumno/a para, se o caso, introducir as modificacións que se consideren oportunas. (Modelo dunha folla de rexistro de avaliación de alumnos/as).

Respecto ao profesorado:

A inclusión do uso da biblioteca escolar nas súas programacións.

A integración dun tempo adicado á promoción da lectura nas súa horas de traballo diario e organización.

Revisión das estratexias utilizadas no desenvolvemento da competencia lectora e do hábito lector.

Revisión dos recursos utilizados para o desenvolvemento da competencia lectora e o hábito lector.

A utilización da metodoloxía proposta, cos contidos e actuacións programadas.

Respecto ao Plan de lectura:

Grao de consecución dos obxectivos programados.

Grao de participación das actividades programadas.

Grao de emprego dos recursos materiais .

7.- CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN DO ALUMNO/A: Desenvolvemento do nivel lector.

	Non adquirido	En proceso	Adquirido
<p>PRECISIÓN:</p> <p>-Decodifica ben:</p>
<p>VELOCIDADE:</p> <p>- Le con bo ritmo:</p> <p>-Le con boa expresión:</p>
<p>COMPRENSIÓN:</p> <p>-Comprende o vocabulario:</p> <p>-Comprende diferentes tipos de texto:</p> <p>-Localiza a información do texto:</p> <p>-Comprende globalmente o texto:</p> <p>-Interpreta o texto e relaciona distintas ideas e fai inferencias:</p> <p>-Contrasta as afirmacións do texto cos seus coñecemento previos:</p>
<p>MOTIVACIÓN:</p> <p>-Demostra interese pola lectura:</p> <p>-Le fóra da aula os libros ou textos propostos:</p>